



NOVA ESCOLA GALEGA ten previsto celebrar os días 7 e 8 de Novembro na Capela o **III Encontro de Debate sobre o Medio Rural: educación e territorio**

Nesta terceira edición preténdese afondar nalgunhas temáticas que inciden directamente no proceso de cambio que afecta ao medio rural desde hai xa varias décadas. Así, as políticas relacionadas directamente coa ordenación do territorio e a súa repercusión na calidade de vida das persoas serán un elemento central para o debate.

Ademais, serán presentadas as propostas e accións dos colectivos e organizacións comprometidos coa defensa da educación no rural e dedicaranse distintos espazos para a presentación de experiencias educativas, proxectos e recursos innovadores.

Co obxecto de recoñecer o valor e o potencial educativo do medio rural, aproveitarase didacticamente a experiencia desenvolvida desde o ano 1981 pola comunidade educativa do CEIP Mosteiro de Caaveiro, das Neves (A Capela), e a veciñanza, e que foi o xermolo da creación no ano 2001 do "Patronato do Museo Etnográfico da Capela". Na mesma perspectiva darase a coñecer o Centro de Interpretación de Xogos tradicionais "Brinquedos", da Capela como unha aposta pola recuperación do patrimonio cultural de carácter máis lúdico.

Así mesmo presentarase o "Proxectoterra", proxecto promovido desde o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia coa colaboración de distintas entidades pedagóxicas e que pretende achegar ás aulas un conxunto de materiais e recursos educativos para o aproveitamento didáctico do territorio.

Como en anteriores edicións exporanse distintas experiencias socioeducativas desenvolvidas dentro e fóra de Galicia e que teñen como protagonistas diferentes sectores de poboación. Nesta ocasión o foco de atención serán algunhas experiencias innovadoras desenvolvidas no occidente de Asturias: en concreto, o programa "Rompendo distancias" -que pretende promover a participación social das persoas maiores no marco dos concellos de Taramundi, San Tirso de Abres e Castropol- e o proxecto educativo da comarca Oscos-Eo. Para rematar darase a coñecer un recurso audiovisual preparado pola Asociación de Veciños de Cabreiros (Xermade).

Este III Encontro de Debate achegará algunhas conclusións que permitan trazar, con perspectiva de futuro, liñas de acción que promovan o desenvolvemento educativo do medio rural.

Achégase díptico co programa para a súa difusión.

Esta información pode verse tamén no apartado de actividades da nosa web:

www.nova-escola-galega.org

Moitas grazas.

Compostela, 20 de outubro do 2008